

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MEAÑO

Outros documentos, notificacións e informacións públicas

CADRO DE PREZOS DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 0-3 ANOS, CURSO 2020/2021

A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 11 de agosto de 2020, acordou actualizar os cadros de prezos públicos mensuais dos servizos prestados pola Escola Infantil Municipal 0-3 anos, seguindo o sistema de copagamento no servizo de atención educativa en contía equivalente á derivada do réxime de prezos públicos establecidos pola Xunta de Galicia nas escolas infantís de titularidade autonómica, quedando como segue:

1. Prezo da atención educativa

a) Horario normal.

O prezo pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 € mensuais.

b) Horario ampliado.

O prezo mensual de cada hora en que se incremente o horario da atención educativa adxudicado ao usuario ou usuaria será de 21,16 € mensuais.

2. Prezo por servizos complementarios

Servizo de comedor (achega dos medios persoais e materiais precisos para a axeitada distribución e consumo dos alimentos que traen os/as propios/as usuarios/as). O prezo deste servizo fíxase en 21,16 € mensuais independentemente do nivel de renda e, sen que sexa aplicable ningún dos descontos nin exencións das previstas na Ordenanza. Cando por motivos xustificadas utilicen este servizo por días soltos, o prezo será de 1,5 € por día.

3. Prezos públicos mensuais por atención educativa segundo os tramos de renda per cápita da unidade familiar:

a) Rendas inferiores ao 30 por cento do IPREM: Prezo da praza: 0 €.

b) Rendas comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM: Prezo da praza: 0 €.

c) Rendas comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM: Prezo da praza: 34,91 €.

d) Rendas comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM: Prezo da praza: 69,81 €.



Luns, 24 de agosto de 2020

Núm. 162

e) Rendas comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM: Prezo da praza: 112,13 €.

f) Rendas comprendidas entre 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM: Prezo da praza: 133,29 €.

g) Rendas comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM: Prezo da praza: 147,05 €.

h) Rendas superiores ao 200 por cento do IPREM: Prezo da praza: 169,26 €.

As bonificacións e descontos serán os establecidos na correspondente ordenanza reguladora.

Estes prezos serán de aplicación a partir do día 1 de setembro de 2020.

En Meaño, o alcalde Carlos Vieitez Fernández

Documento asinado e datado dixitalmente ao marxe

